

Orde do día

1. Presentación de cada coordinadora
2. Elaboración de táboa reivindicativa
3. Propostas de mobilización

1. Presentación de cada coordinadora

Estaban presentes: 4 persoas en representación da coordinadora de Pontevedra, 2 en representación da coordinadora de Vigo, 1 por Ferrol e 6 por A Coruña. 2 de Lugo a título persoal. Non está constituída por agora a coordinadora en Lugo, Santiago e Ourense.

En Pontevedra fixeron varias reunións ata xuño (4-5), elaboraron unha táboa reivindicativa e lla enviaron á administración, divulgaron as súas reivindicacións na prensa e enviáronllas a organizacións profesionais e científicas, grupos parlamentarios. Tiveron tamén unha entrevista coa Xerencia de Pontevedra.

En Vigo celebráronse dúas reunións recentes e están organizando grupos en relación coas 3 mesas de negociación coa Consellaría. En Ferrol constituíuse o martes 28 e teñen elaborada unha táboa reivindicativa. En A Coruña fixéronse 4 reunións, elaborouse unha táboa reivindicativa, recolléronse sinaturas que se enviaron á Conselleira e á Xerente, tívose unha entrevista coa Xerencia de A Coruña e presenza en prensa.

Estaban presentes médicos en desemprego, médicos de PAC e médicos de equipos de atención primaria.

2. Táboa reivindicativa

Aínda que xurdiron varias propostas tanto de táboa reivindicativa como de modos de organización, finalmente chegouse a un acordo por consenso nos seguintes puntos:

Obxectivo: **Aumento de persoal médico en atención primaria**, facendo atractivos os postos de traballo no Sergas, de modo que os médicos prefiran un contrato no Sergas antes que nun centro privado ou no extranxeiro

- **Aumento de prazas de médico de familia** no orzamento, de xeito que nun curto período de tempo **non haxa cupos con máis de 1500 cidadáns**. As previsións actuais para 2007 considéranse totalmente insuficientes.
- **Contrato estable** como interino (para realizar substitucións) **ao médico en desemprego**.
- **Mellora das condicións laborais do persoal de PAC**: cumprimento do actual Acordo de Urgencias, redución da súa xornada a 1430 horas e introducción na súa retribución dos seguintes complementos (turnicidade, nocturnidade e festividade)
- Procurar **que se cubran todas as ausencias por persoal substituto**, e se isto non é posible dada a limitación de persoal, considérase necesario **compensar adecuadamente o aumento de actividade** tanto na xornada ordinaria como extraordinaria. Debe revertir o 100% do custo económico do persoal ausente nos profesionais (incluídos substitutos)

que asumen o traballo do que falta. Ademais debe valorarse de modo atractivo que haxa persoal que acepte aumentar actividade fóra da súa xornada ordinaria tanto para o persoal de PAC como para o persoal de equipos, mediante unha compensación adecuada desas horas extras.

- Posta en marcha da **xornada de 35 horas** semanais.
- Dotación de **Seguridade** aos centros sanitarios de atención primaria

Obxectivo: **Racionalización da actividade da consulta médica, fundamentalmente mediante a eliminación da burocracia** posible (practicamente toda).

Un exemplo de actividade que aumenta a burocracia e reduce tempo da consulta médica para a atención do paciente é o actual módulo informático de realización de receitas no programa IANUS, polo que debe modificarse de modo substancial.

3. Propostas de mobilización

Teñen por obxectivo o inicio inmediato da negociación desta táboa reivindicativa, ben directamente ou no ámbito da mesa sectorial o primeiro punto, e que se aborde de modo prioritario o segundo punto no ámbito das mesas de traballo creadas pola Consellaría.

As actividades acordadas son as seguintes:

- Dicar que **non se asumirá a realización de novos servizos en atención primaria mentres non se solucione o problema de sobrecarga** asistencial existente actualmente. Resulta ridículo en moitos centros, coas condicións de traballo actuais, falar de aumentar servizos de cirurxía, atención á muller,...
- **Concentración o xoves día 14 de decembro**, ás 14 horas, diante das xerencias de cada Área
- Elaboración dun **díptico informativo para os cidadáns** pedíndolles a súa colaboración e complicidade na mellora da atención primaria
- Enviar nota de prensa.
- Remitir esta táboa reivindicativa á administración e a organizacións profesionais, científicas e sindicais.
- **Recoller sinaturas** nas Áreas (que non o fixeron antes) en apoio da táboa reivindicativa (na que se poderán introducir aspectos locais) e enviala á Conselleira e Xerente de cada Área.
- Actividades de mobilización local, en cada Área, se así se decide en cada sitio.